



XXIV ASEMBLEA ANUAL
COMPOSTELA, 29 DE MARZO DO 2008

ACTIVIDADES E GRUPOS 2007

XXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES / AS POLA PAZ: A CONSTRUCCIÓN DA PAZ DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

4, 5 e 6 de maio en Chaves (Portugal)

Organizado pola Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ), Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega, o Departamento de Pedagogía e Didáctica da UDC, o Movemento dos Educadores pola Paz de Portugal (MEP) e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro - Pólo de Chaves (UTAD).

Máis de duascientas persoas asistiron en Chaves a esta vixésimo primeira edición dos Encontros galego-portugueses de educadores/as pola paz. A cita decana de todas cantas se fan en España e Portugal sobre educación para a paz.

Logo de ter participado nas distintas actividades, a asemblea de asistentes aprobou as seguintes conclusións:

1. A necesidade de profundizar en todos os ámbitos sociais na loita contra os estereotipos sexistas que aínda perviven na nosa sociedade. Tamén no campo educativo. Na actualidade, a educación na igualdade, como materia transversal, na práctica, presenta un escaso grao de desenvolvemento en todas as etapas e niveis educativos. Consideramos que precisa dunha maior relevancia real e a co-operación dos distintos axentes educativos, pola transcendencia que ten para a convivencia.

2. A esixencia da revisión e mellora da formación inicial e continua do profesorado, especificamente en temas relacionados coa igualdade e a coeducación.

3. A reivindicación de maiores medidas de protección e apoio, así como campañas de sensibilización fronte á violencia de xénero.

4. O noso rexeitamento a toda forma de explotación sexual.

5. A solicitude aos Parlamentos galego e portugués da creación dunha Lei da Paz e de fomento da educación e da cultura de paz.

Cómpre lembrar que o 15 dedecembro de 2005, o Presidente de NOVA ESCOLA GALEGA, Xosé LASTRA MURUAIS e Xesús R. Jares, como Coordinador de EDUCADORES/AS POLA PAZ de NOVA ESCOLA GALEGA e presidente da ASOCIACIÓN GALEGO-PORTUGUESA DE EDUCACIÓN PARA A PAZ, presentáronlles un escrito aos tres grupos parlamentarios (BNG, PSdeG-PSOE e PP), non obtendo resposta ata o de agora de ningún grupo parlamentario. Parece, pois, que os temas da paz non son considerados prioritarios para os nosos grupos parlamentarios.



XXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS E EDUCADORES PELA PAZ
4, 5 e 6 de Maio de 2007
CHAVES (Portugal)

Alojamento e sesións plenárias:
 Hotel Aquae Flaviae,
 Praça do Brasil, 5400-123 CHAVES
 Telef.: 00351 276309000
 E-mail: hotelaquae@flaviae@mail.telepac.pt

Oficinas:
 UTAD - PÓLO DE CHAVES
 Avenida Nuno Álvares,
 Ed. Imperador Flavius, 5400-419 CHAVES
 Telef.: 00351 276309300
 E-mail: utadchaves@utad.pt

INFORMAÇÕES: agappaz@univ-rio.com
INSCRIÇÕES: inscrições por correio electrónico, correio postal ou fax, acompanhadas de comprovativo de pagamento:
 A. PORTUGAL: EB1 nº4 do Barreiro, Rua Professor Joaquim Vicente França, nº 103, 2830 Barreiro (Portugal); Tel.: 212 156 303 (Helena Proença).
 Fax: 212975036;
 CONTAN.º: 0141 091813300 da Caixa Geral de Depósitos (Barreiro - Portugal) NIB: 003501410009181330087 da C.G.D.
 B. GALIZA: Educadores Pola Paz, Apartado 577, 36200 VIGO (Galiza, España), Tel. 981 56 25 77. Correio electrónico: agappaz@univ-rio.com
 CONTAN.º nome de: Educadores pola Paz, n.º: 2080.0000.71.0040194535 de Caixanova (Oficina principal) en Vigo.

ORGANIZAÇÃO:
 Associação Galego-Portuguesa de Educação para a Paz (AGAPPAZ)
 Dto. de Pedagogia e Didáctica da Universidade de Coruña
 Educadores pola Paz - Nova Escola Galega
 Movimento dos Educadores pela Paz de Portugal (MEP)
 Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro - Pólo de Chaves (UTAD)

APÓCIS:
 AGAPPAZ, MEP, UTAD, UDC, BNG, PSdeG-PSOE, PP, etc.



V CONGRESO DE MATERIAIS: *MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INNOVADORES*

3, 4 e 5 de xullo, Facultade de C. da Educación, Santiago de Compostela.

Valorando as propostas realizadas polos relatores e relatoras na presentación de diferentes materiais e proxectos e considerando igualmente os debates que se xeraron entre todas as persoas participantes, o comité organizador deste V Congreso achega as seguintes conclusións:

- É necesario crear materiais contextualizados e adaptados aos nenos: materiais que recollan a experiencia vital dos alumnos que os van utilizar ou mesmo elaborar. Tan importante é o produto e todo aquilo que se pode facer con el, como enriquecedor o propio proceso de elaboración de materiais, recursos e proxectos innovadores.

- Todas as experiencias presentadas supuxeron e esixiron un traballo cooperativo e coordinado, no que diferentes persoas comparten un obxectivo que, en esencia, é o do desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas. Este obxectivo tamén debe ser compartido por todas aquelas institucións que, como a Facultade de Educación, teñen como propósito a formación dos futuros profesionais da educación; ese traballo coordinado debe repercutir e permitir unha estreita relación de achega mutua entre escolas e facultades.

- Outro elemento considerado como un "leitmotiv" neste congreso é o feito de que todas as persoas que están implicadas no proceso de análise, planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación de innovadoras propostas como as aquí expostas, vense inmersas nunha situación de feedback comunicativo: todos/as reciben e achegan, todos/as aprenden e ensinan, e estreitanse as relacións.

Esta natureza multidimensional e interactiva é a que posibilita que estas propostas poidan estar sempre abertas ao cambio cara á mellora e esta apertura é a que lles insire ese valor engadido que proporciona unha actitude de superación.

- Este carácter flexible está estreitamente relacionado coa necesaria adaptación aos imprevistos, pero tamén coa optimización do seu uso. Pois sabemos que o importante non é só facer materiais didácticos senón facer uso didáctico dos materiais.

- Salientouse tamén que o intercambio interxeneracional ten un incalculable valor como recurso.

- Disque a necesidade agudiza o enxeño e, efectivamente, no interese por desenvolver propostas intrinsecamente interesantes para unhas circunstancias concretas e específicas, é imprescindible partir da análise das mesmas e das necesidades concretas que afectan ás persoas que viven nesa realidade. Non hai como facerse consciente das propias necesidades, para emprender iniciativas que intenten cubrilas.

- A educación é unha arte sumamente optimista e, sen dúbida, todos os que neste congreso participaron, son consolidados artistas que modelan, creativa e esperanzadoramente, a realidade educativa que se vive nas súas aulas e centros.



I FESTA DA NARRACIÓN ORAL DE O PINO: *SUCEDIDOS NO CAMIÑO*

I XORNADA SOBRE A ORALIDADE PARA EDUCADORES / AS

7 de xullo, Casa da Cultura de Arca - O Pino (A Coruña), coorganizada co Colectivo Tatalo.

Contar unha historia. escoitar unha historia. Velaquí dúas maneiras de gozar a través da palabra. A narración oral é sempre un acto no que se mesturan pracer e xenerosidade. Porque, para que xurda a emoción, quen conta debe poñer a súa arte e sabedoría ao servizo do auditorio, e quen escoita deberá entregarse sen reservas. Se así sucede, todos, todas, narradores e oíntes, acadarán igual sentimento de gozo mentres a narración discorre. ¿E cal é a natureza profunda dese pracer? Quen sabe, talvez resida na intuición de que se está a asistir a un momento irrepetible: por máis que a historia volva ser contada, xa non será a mesma, como o río aquel. En realidade, pouco importan agora as razóns profundas. Do que se trataba era de convocar a contadores e escoitadores, contadoras e escoitadoras, para convidalos, para convidalas, a ofrecérense mutua e xenerosamente na I Festa de Narración Oral de O Pino.

O concello de O Pino, sede da Festa, é un dos mellores marcos posibles para esta celebración anual da palabra. Recentemente inaugurada, a Casa da Cultura municipal resultaba un lugar idóneo para albergar boa parte das actividades que conforman o programa. Doutra banda, O Pino é un enclave de extraordinaria importancia dentro do Camiño de Santiago, e a relación entre estas dúas tradicións, Camiño e narración oral, é algo máis que evidente. Ademais, como outros concellos en expansión, O Pino precisa de eventos integradores, de espazos culturais que faciliten a vertebración harmónica dunha poboación cada vez máis diversa. E este evento vai nesa dirección.


Nesta primeira edición, A Festa da Narración Oral de O Pino estivo dedicada a lembrar unha das fórmulas orais máis características da nosa tradición: o sucedido ou sucedo. En palabras de Xabier P. Docampo, "o sucedido non consiste na simple narración de sucesos ou anécdotas, senón de algo que vai moito máis aló: son historias coa estrutura dun conto de tradición oral, que sempre se narra na forma de algo acaecido na realidade". Dinos tamén o escritor e estudoso do tema que un dos ingredientes básicos, común a todos os bos sucedidos, é o misterio: "É o elemento omnipresente, o misterio como aquilo do que a súa comprensión lle está vedada ao coñecemento humano, e que sempre nos acompañará".

A Festa contou cunha actividade de formación para o profesorado, onde interviñeron Iolanda Aldrei, Xabier P. Docampo, Cándido Pazó e Xosé Cobas; e da Festa da Narración propiamente dita, con Carlos Blanco, Paula Carballeira, o propio Cándido Pazó, Carlos Santiago e Pepa Yáñez, entre outros/as narradores, ademais da actuación musical de Ugia Pedreira e Óscar Fernández. Esta segunda parte da xornada levouse a cabo na Casa da Cultura, primeiro, e nos bares de Arca, despois.


Pódese afirmar que a I Festa da Narración Oral acadou un rotundo éxito de participación en todas e cada unha das diferentes actividades que se desenvolveron ao longo do día. É moi salientable tamén o grande éxito de participación nos obradoiros para nenas e nenos, que percorreron a cargo da cantante e compositora Gloria Mosquera e o ilustrador Rodrigo Chao, nas instalacións do CPI Camiño de Santiago.

A organización, que xa se vira obrigada a pechar a inscrición para algunha das actividades cunha semana de antelación, valorou moi positivamente esta gran afluencia de narradores e público en xeral, e ten practicamente perfilado o programa da segunda edición da Festa, que se celebrará o sábado, 5 de xullo de 2008, no mesmo lugar.





I FESTA DA NARRACIÓN ORAL DE O PINO: *SUCEDIDOS NO CAMIÑO* I XORNADA SOBRE A ORALIDADE PARA EDUCADORES / AS



AS MIGRACIÓNS NAS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS: OS DESAFÍOS NA GALICIA ACTUAL.

**9, 10, 11, 12 e 13 de xullo, Auditorio Municipal de Caldas de Reis (Pontevedra).
Actividade coorganizada coa Universidade de Vigo.**

Os obxectivos desta actividade eran achegar ás persoas interesadas (profesorado de ensino primario e secundario, estudantes universitarios, profesionais da educación e do traballo social...) unha perspectiva xeral e comparada das investigacións recentes sobre as migracións contemporáneas e as súas implicacións na sociedade galega actual.

Pretendíase fomentar a competencia epistemolóxica e metodolóxica do profesorado para aplicar na súa práctica docente na aula as técnicas e métodos de investigación a microescala e de atención ao alumnado inmigrante, partindo do respecto e interese pola identidade étnica e cultural das persoas inmigrantes, consonte aos principios da Educación para a Cidadanía da LOE. E, finalmente, propiciar o intercambio de experiencias que respondan ao desafío das migracións para a escola e para a sociedade galega actual.

Logo dun intenso programa de conferencias, mesas redondas, obradoiros e actividades, acompañadas de cinema, as persoas asistentes e os/as organizadores/as salientaron o elevado cumprimento dos obxectivos previstos, así como o interese e profundidade dos contidos analizados.

A avaliación do curso foi moi positiva, tanto polas persoas asistentes que salientaron coa máxima cualificación o nivel de coñecementos do profesorado, como por parte dos organizadores que quedaron moi satisfeitos da participación daqueles, da magnífica acollida dispensada polo Concello de Caldas de Reis e da perfecta organización loxística do persoal técnico dos departamentos implicados. Todos eles agradecen, tamén, a xenerosidade da Secretaría Xeral de Emigración ao financiar esta actividade e están traballando xa para publicar nun volume os relatorios correspondentes.



VII ESCOLA DE VERÁN DE NEG EN FERROLTERRA - FENE 2007. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

5, 6, 7 e 8 de setembro, Casa da Cultura do Concello de Fene.

Un dos obxectivos foi a análise da evolución histórica e a actualidade do proceso normalizador na sociedade e no ámbito educativo en particular. As achegas dos profesores e profesoras Anxo Lorenzo, Henrique Monteagudo, Alba Nogueira e Goretti Sanmartín, incidiron na análise dos prexuízos que, baixo distintas expresións, supoñen unha pexa cara a unha interpretación máis favorecedora das leis e doutros elementos de acompañamento necesario no proceso normalizador. Ofreceron liñas de traballo para mudar as ameazas e aproveitar algúns avances como oportunidades.

Con carácter xeral todos os relatorios e actividades complementarias posibilitaron o coñecemento de distinto tipo de recursos de interese desde a perspectiva galeguizadora. Os seguintes relatorios cumpriron este obxectivo en ámbitos concretos:

- As TIC e a Normalización Lingüística, no que Xoán Carlos Albarellos presentou distintas ferramentas e recursos para o traballo normalizador.

- As experiencias normalizadoras do CEIP Manuel Masdías, de Ferrol, no ámbito de infantil e primaria -presentada polos profesores Pilar Seoane Martínez e Óscar González Montañés- e do IES de Melide no ámbito da secundaria -a cargo dos profesores Francisco Veiga García e Xulio Pérez- puxeron de manifesto o esforzo continuado e xa asentado no tempo do traballo normalizador en contextos sociolingüísticos ben diferentes. O concello de Fene presentou unha experiencia no tempo de lecer, "Verán máis alá", desenvolvida desde hai tempo pola cooperativa Tagen Ata, e que representa un importante traballo lúdico e creativo.


- O relatorio de Xogos populares a cargo de Xavier López García -coordinador do Centro de interpretación de xogos tradicionais "Brinquedos", da Capela- referiuse a estes como unha aposta pola recuperación do patrimonio cultural de carácter máis lúdico e ofreceu, oportunidades para vivir entre os asistentes as posibilidades destes xogos.

- A visita ao Museo Etnográfico da Capela, dirixido por Secundino García Mera -Director do CEIP Mosteiro de Caaveiro, das Neves (A Capela)- ofreceu a posibilidade de coñecermos e recrearmos a experiencia sociopedagóxica desenvolvida polo CEIP Mosteiro de Caaveiro desde o ano 1981 coa participación dos nenos e nenas, as súas familias, profesorado e veciñanza.

O obxectivo relacionado co coñecemento das liñas da acción política do goberno galego para a normalización lingüística viuse minimizado pola ausencia dos representantes das Consellerías de Educación e de Cultura na mesa redonda sobre «Actualidade e futuro da normalización lingüística dende o punto de vista da administración». Contouse coa presenza da Secretaria Xeral de Igualdade, Carme Adán Vilamarín, quen presentou o proxecto de Galescolas, e de Gregorio Ferreiro Fende, asesor técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que abordou o traballo de carácter transversal que se impulsa desde ese departamento en relación co PXNLG.

Os e as asistentes expresaron distintas inquedanzas en relación coa entrada en vigor do decreto da promoción do galego no ensino, sinaladamente coa necesidade de que a administración educativa ofrecese directrices e recursos para a realización do plan lingüístico dos centros, e unha formación axeitada no campo da sociolingüística. Incidiuse na necesidade de que o traballo impulsado desde o goberno galego non pivote exclusivamente no mundo do ensino, senón que se visualice con esixencia e rigor noutros ámbitos da sociedade.

Finalmente, as visitas ao "Museo do Humor" -guiada polo debuxante Xaquín Marín- así como a exposición do "Golfinho" -guiada polo ilustrador Fausto Isorna- motivaron a atención dos/as participantes cara á creación artística como vehículo de normalización no ámbito da lingua e da cultura.





VII ESCOLA DE VERÁN DE NEG EN FERROLTERRA - FENE 2007.
A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



V XORNADAS DE CIENCIA E TERRITORIO. A AUGA: USOS E ABUSOS

10, 11 e 12 de setembro, Melide.

Asistiron un total de 49 profesores e profesoras, dun total de 55 matriculados -o traballo de campo, eixe das Xornadas, impediu que fosen admitidas máis persoas-. A maior parte dos/das participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Naturais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras de Ciencias Sociais, así como algúns profesionais doutras disciplinas. Os/as asistentes procedían practicamente de todo Galicia.


Como continuidade das temáticas traballadas nas anteriores edicións, o tema elixido nesta ocasión permitiu facer análises de fondo calado, tanto polas achegas dos relatores canto polo deseño do traballo máis práctico con propostas contextualizadas en diferentes lugares de grande interese.

Cómpre subliñar que o tratamento específico da problemática que xira arredor da auga é especialmente significativa nuns tempos nos que, ademais da existencia dunhas preocupantes circunstancias ambientais no país, semella que comezamos a ser conscientes de que a auga non é un ben inesgotable.

Os obxectivos da actividade, que se relacionan a continuación, foron o seu eixe vertebrador:

- Exemplificar na comarca natural da Terra de Melide as estratexias de integración do ensino no territorio.
- Investigar, para o seu posterior emprego educativo particularmente, as posibilidades didácticas que nos ofrece a problemática arredor da auga.
- Realizar labores de investigación e análise, particularmente en aspectos como a contaminación dos ríos.
- Observar a corrección de impactos ambientais producidos por unha acción do ser humano pouco atenta á preservación do medio.
- Inserir o específico traballo (didáctico e de investigación) no campo da Hidroloxía, no conxunto de oportunidades educativas que nos ofrece o medio.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de Nova Escola Galega e por profesorado e persoal non docente do IES Melide, as Xornadas cumpriron sobradamente os obxectivos a partir dos cales foron convocadas. Por unha parte, permitiron afondar no coñecemento de diferentes aspectos do recurso auga, tan presentes actualmente nos currículos académicos e na sociedade en xeral. Por outra, contribuíron á divulgación das posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola, que queda avalado pola boa cualificación recibida no caso das "saídas de campo", de grande interese e que se desenvolveron en lugares moi diferentes, todos eles relacionados coa temática obxecto de estudo: Balneario Río Pambre, distintas estacións de tratamento de residuos e de depuración do Concello de Monterroso, na comarca da Ulloa, estudo dun caso práctico nun tramo de 0,5 km do río Martagón, en Melide, e visita á EDAR tamén desta localidade.



A AUGA:
USOS E ABUSOS (II)

Melide, 10, 11 e 12
de setembro de 2007

Contactos:

IES Melide
Dpto. de Ciencias Naturais
O Moqueiro, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
www.melide.xornadas@gmail.com

Nova Escola Galega
Apdo. 586
15700 Santiago
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.nog@novo.es
www.nova-escola-galega.org



II ENCONTRO DE DEBATE SOBRE MEDIO RURAL GALEGO: *UNHA OLLADA AO FUTURO DO MEDIO RURAL*

16 e 17 de novembro, Residencia Terceira Idade, Chantada (Lugo).


Pretendeuse darlles continuidade ás liñas de traballo iniciadas no I Encontro, tocando temáticas complementarias, como as seguintes:

- Presentación para o debate de proxectos de escola rural desenvolvidos noutros lugares do Estado, a través do relatorio "Alternativas de intervención educativa no medio rural", a cargo de Raúl Manzano (membro do secretariado da Escola Rural e colaborador do Grupo Interuniversitario de Escola Rural), que permitiu coñecer algunhas alternativas de traballo en Catalunya, nun contexto socioloxicamente moi diferente ao galego.

- As implicacións da educación no rural na formación inicial e permanente do profesorado foron obxecto de reflexión nunha mesa redonda, na que as achegas que se fixeron, tanto por parte dos relatores que representaban a perspectiva da formación canto polos/as mestres/as, puxeron de manifesto que, máis que unha formación específica para traballar neste medio, o que se reclama é que a formación inicial e permanente do profesorado se apoie na concepción dunha escola inclusiva, na que se poida recoñecer tamén a perspectiva do medio rural, as súas necesidades e potencialidades.

- O contacto con experiencias educativas singulares que proxectan o seu traballo na propia contorna foi outro dos obxectivos que acadou un alto grao de cumprimento a través dos relatorios configurados como paneis de experiencias, nuns casos partindo da propia escola (CRA de Teo, IES de Gondomar ou IES da Sangriña, en A Guarda) e noutros desde entidades (centro de desenvolvemento rural O Viso), colectivos (Proxecto Orimax) ou institucións (Concello de Allariz), que proxectan o seu labor educativo fóra do marco escolar, desde perspectivas de desenvolvemento comunitario. Ambos paneis de experiencias evidenciaron a necesidade de dar valor ao patrimonio cultural desde a colaboración interxeneracional como obxectivo pedagóxico.

Un dos obxectivos deste II Encontro era pulsar a actualidade das accións do goberno galego sobre o medio rural e as liñas de traballo cara ao futuro. O seu cumprimento viuse minimizado pola ausencia dos representantes dalgunhas consellerías, nomeadamente a de Educación, na mesa redonda "O futuro do medio rural desde a perspectiva da administración", deseñada para dar cobertura a este obxectivo. Contouse coa presenza de representantes da Vicepresidencia e das Consellerías de Medio Rural, Vivenda e Cultura, quen expuxeron as liñas de acción impulsadas desde os seus respectivos ámbitos. Os asistentes expresaron distintas inquedanzas en relación coa falta de interlocución, recoñecemento e valoración do traballo impulsado desde distintos colectivos cunha longa experiencia neste ámbito e puxeron de manifesto a necesidade de que o traballo impulsado desde o goberno galego teña un carácter integral, superador de iniciativas políticas particulares. Igualmente lamentaron non poder coñecer os elementos de planificación educativa para o medio rural dos que dispoña a administración educativa. O Encontro, que contou tamén coa presenza de colectivos pedagóxicos e organizacións sindicais que desenvolven un traballo conxunto na Mesa de Educación no Rural, evidenciou a necesidade de continuar aprofundando no cumprimento dos distintos obxectivos e accións formulados nas conclusións do I Debate sobre "Medio rural galego: a necesidade dunha resposta educativa".





II ENCONTRO DE DEBATE SOBRE MEDIO RURAL GALEGO: *UNHA OLLADA AO FUTURO DO MEDIO RURAL*



III CICLO DE CINE E HISTORIA: A GUERRA CONTINUÁ

17, 24 e 31 de xaneiro; 7 e 14 de febreiro de 2008, Coorganizada co Colectivo Sinenomine, Facultade de C. Políticas e Sociais, Santiago de Compostela.

O Ciclo perseguía, en esencia, ofrecerlle ao profesorado ferramentas de traballo para que nas aulas incorpore tanto o cine documental como unha aprendizaxe dinámica e aberta ao diálogo cos rapaces e rapazas, polo que tanto os documentais como as películas escollidas presentaron en todos os casos unha problemática candente, actual e que promove unha mirada crítica á historia que nos ocupa. Engadiuse a cada documental unha conferencia dunha persoa experta na materia, capaz de abrir horizontes de pensamento, discusión e reflexión, imprescindibles para que o profesorado poida apoiarse en argumentos sólidos á hora de traballar o tema na clase. De cara ao alumnado tamén se entregou material didáctico para facilitar a preparación do traballo de aula

Asistiron con regularidade á actividade 137 profesores e profesoras dun total de 146 matriculados. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os/as asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

No desenvolvemento do Ciclo interviñeron, ademais dos integrantes da organización, que exerceron de introdutores/as de cada unha das sesións e de moderadores/as dos debates, as seguintes persoas:

- Elena Gómez Gálkina, profesora de Filosofía no IES "As Fontiñas", de Santiago.
- Miguel Anxo Murado, escritor e xornalista.
- Ana Expósito, xornalista e correspondente de guerra da TVG.
- Paz Leiros de la Peña, integrante da Asociación Cultural Sine Nomine e profesora de Ciencias Sociais no CPI "Camiño de Santiago", de Arca - O Pino.
- Ramón López Facal, integrante da Asociación Cultural Sine Nomine e profesor de Ciencias Sociais no IES de Pontepedriña, en Santiago.
- Ferrán Sales, xornalista do diario El País.

De entre as opinións vertidas polos/as participantes sobre a globalidade do Ciclo, cabe sinalar a percepción positiva do mesmo; o aspecto máis resaltado foi a excelente valoración dos relatores e dos documentais exhibidos, dos que se valora que proporcionan recursos e ideas para desenvolver nas aulas, o seu carácter didáctico e a súa calidade. Tamén se valora positivamente o tema escollido para este Ciclo, tanto pola súa facilidade para ser tratado na aula, como pola formación persoal que supón. Pola contra, algúns asistentes notaron en falta unha proposta máis directa e dirixida de como levar estes temas ás aulas, a necesidade de máis materiais de traballo de aula (suxírese que se facilite o acceso aos documentais, por exemplo), así como unha maior orientación dos debates cara a aspectos do ensino; tamén se anota a ausencia do tratamento de conflitos cotiáns: consumismo, publicidade...

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, o Ciclo cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, contribuír ao coñecemento máis profundo nos feitos históricos que estamos vivindo día a día. Por outra, contribuír á divulgación das posibilidades educativas que nos ofrece o cine desde a perspectiva, nomeadamente, da historia.



OUTRAS ACTIVIDADES

NEG colaborou tamén noutras actividades como:

III Xornadas Interxeracionais Rurais *Aprendendo cos nosos maiores*

Cabreiros (Xermade) 2, 9 e 16 de xuño; organizada polo Concello de Xermade, a A.V. de Cabreiros e a USC.



Xornadas Conmemorativas do 240 aniversario de D. Juan Antonio Posse (1776-1854), o Crego Liberal Galego defensor da Constitución de 1812.

21 de Abril, Laxe; organizado polo Seminario de Estudos Comarcais para a promoción de patrimonio cultural da Costa da Morte.

Homenaxe a Antonio Caneda (Medos- San Xoan de Río, 1906 - Irixo, 1937)

29 de decembro de 2007, organizado polo Concello de San Xoan de Río e UVigo.

I Congreso Galego sobre o Alzheimer e outras demencias na sociedade de hoxe.

Lugo, 10, 11 e 12 maio; organizado por Afalu.



GRUPO CAMBELA

Cambela é ese grupo de traballo formado por mestras-titoras e mestras-PT que, despois de moitos anos, seguen reuníndose periodicamente coa teima de achegar a súa práctica educativa ao modelo de escola que comparten.

E, nesta nova xeira, combinamos a nosa formación en Análise Transaccional –da man da psicóloga Isabel López Arias- co traballo propio do seminario no que, a través da análise e da reflexión colectiva, vemos como rendabilizar máis e mellor o que imos aprendendo.

Un ano máis traballamos no desenvolvemento dunha acción tutorial dirixida a que cada alumn@ acade o máximo nivel de normalización na súa vida escolar, avanzando no relacional e no académico co seu grupo-aula. Deseñamos, analizamos e avaliamos as nosas intervencións co alumnado, tanto a nivel individual como grupal, nos distintos tempos e espazos escolares.

Os avances que constatamos, aínda nos casos máis difíciles, dannos a medida das moitas posibilidades das que dispoñemos na escola para integrar as diferenzas, para educar na diversidade.

Nalgúns dos nosos centros estase a recoñecer este labor e mesmo se demanda formación nesta liña (e mola!).

En canto á nosa participación na vida da asociación, pretendemos:

- seguir asistindo ás reunións do secretariado, tal e como viñemos facendo ata agora.
- impulsar a páxina web no espazo que nos compete.
- e participar nas actividades da zona... na medida do posible.

GRUPO VIEROS DA ESCOLA

O Grupo de traballo "Vieiros da escola" seguiu neste ano no seu traballo de coordinación desta publicación electrónica, dando saída a un número importante de entregas que aparecen reflectidas no apartado de publicacións. Outra das liñas do seu traballo ten que ver coa difusión desta ferramenta didáctica entre o profesorado, acudindo a aqueles foros, cursos ou xornadas nas que pode ser de interese a súa presentación.

Como reto máis importante e para que esta publicación sexa sostible no tempo, o grupo precisa da colaboración de todas as persoas que teñan un certo dominio e interese nalgunha temática e que sexan capaces de adaptarse a un formato tan sinxelo, á vez que dinámico, coma o que se propón, pensando en que os produtos elaborados poidan ser traballados na aula.

Nesta liña os obxectivos principais nos que se ven traballando con certa perspectiva de futuro pretenden:

- aumentar o número de colaboradores/as.
- ampliar e diversificar as temáticas abordadas.
- coñecer a utilidade real deste recurso e as valoracións que fai o profesorado, educadores... de cara a mellorar os aspectos que sexan necesarios.

**VIEIROS**
Edición xestionada por:

VIEIROS DA ESCOLA

Nº23 Febreiro 2008
[Contacto](#)

Nº

A zanfona



"A xente ve unha manivela e uns dedos, pero non entende o mecanismo. A zanfona gusta, mesmo antes de tocala". Son palabras de **Óscar Fernández**, profesor de zanfona no Conservatorio de Música Tradicional de Lalín. A zanfona é un instrumento de orixe medieval, que se fundamenta no...

EDUCADORES / AS POLA PAZ

A actividade desenvolvida polo grupo de traballo Educadores/as pola paz neste período centrouse arredor de varias accións:

- Organización e desenvolvemento xunto con outras entidades do XXI ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ, celebrado en Chaves (Portugal), do 4 ao 6 de maio DE 2007
- Deseño e posta en marcha da web www.educadorespolapaz.org
- Presentación de reflexións e documentos, en distintas actividades de formación do profesorado e en diferentes publicacións coordinadas por Xesús R.Jares
- Colaboración co Programa de mellora da convivencia "Convivir,vivir xuntos" do Concello de Lugo
- Na preparación da publicación "Educación e Paz I. 25 anos de Educadores pola Paz" e "Educación e Paz II. Presente e futuro da construción da paz" que será presentado no marco do Acto poético-musical de celebración do 25 aniversario de Educadores pola Paz "Serán pola paz" dentro do XXII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORES/AS POLA PAZ que se celebrará do 18-20 de abril na cidade de Vigo.

GRUPO PROXECTOTERRA

Como xa se sabe, hai un grupo de NOVA ESCOLA GALEGA que colabora co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no PROXECTOTERRA, no que tamén participan a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Vivenda e Solo, e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

O Proxectoterra nace co ánimo de contribuír a que os cidadáns e as cidadás perciban a arquitectura e o territorio como piares básicos da nosa cultura.

Partindo do convencemento de que este obxectivo nunca se logrará acadar se non conseguimos que o feito arquitectónico e territorial adquira unha sólida presenza no ámbito da educación, o Proxectoterra é un proxecto de intervención educativa dirixido ás distintas etapas da Educación obrigatoria co fin de contribuírmos a mellorar o coñecemento que os/as escolares de Galicia deben ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial.

Esta é a achega que NOVA ESCOLA GALEGA, xunto con outras entidades colaboradoras, poñen a disposición da comunidade educativa, esperando que sexa un instrumento que axude a acadar os obxectivos que sobre arquitectura e territorio xa se contemplan na actualidade nas distintas etapas da Educación obrigatoria.

Trátase, pois, de contribuírmos dende o noso campo de coñecemento a que aos nosos escolares se lles dea unha clara e actualizada proposta de achegamento á arquitectura, entendendo esta como todas aquelas actuacións sobre o territorio realizadas por homes e mulleres para acadar unhas mellores condicións de vida. En ningún caso se trata de incrementar os contidos establecidos nas distintas etapas educativas, senón de achegar materiais específicos que completen ou melloren os que agora mesmo están dispoñibles para o alumnado e o profesorado, e completalos con actividades que se poidan incorporar ás programacións de actividades complementarias ou extraescolares.

As fotografías corresponden á xuntanza de traballo celebrada en Allariz, a fin de semana do 29 e 30 de xuño e 1 de xullo de 2007.

